

Departamento de Imaxe persoal

Para un axeitado funcionamento das clases nos Módulos Profesionais dos Ciclos Formativos da Familia Profesional de imaxe persoal, o alumnado deberá cumprir as seguintes recomendacións e normas de convivencia.

Normas de carácter Persoal Hixienico- sanitarias

O aseo persoal e a base da hixiene no traballo:

- Evitarase olores corporais.
- Manterase a boca e dentes limpos , evitando halitose.Según a normativa da pandemia Covid 19 en todo momento manterase o tapabocas axeitado a normativa sanitaria, renovando o cabo do tempo que sexa preciso, polo que o alumno terá que vir equipado coas súas mascarillas e os seus repostos.
- As mans limpas y as unllas cortas e limpas. Lavarase as mans con auga , xabón e un cepillo o comezo das clases e o final delas , entre os diferentes traballos e sempre que sexa necesario .
- O cabelo deberá estar limpo e recollido.
- Non se portará ningún tipo de xollas,relloxos, aros, argoias, imperdibles, pearcings e outros obxectos que poidan ser fonte de contaminación, tampouco os que poidan dar lugar a tiróns ou enganches, así como outros obxectos metálicos que poidan ser condutores da corrente eléctrica, polo perigo que leva asociado o seu uso cos aparellos eléctricos ou os electroestéticos;salvo excepcións a determinar polo profesor.

Normas de Equipamento

Equipamento persoal do alumno

Uniforme do alumno:

O seu uso será indicado polo profesor do módulo correspondente.Os uniformes deberán estar limpos e planchados.

- **Peiteados:**A lo menos unha bata negra e unha camiseta de algodón ampla negra.
- **Estética:** A lo menos dúas camisetas de algodón amplas, unha branca e outra negra e leggings negros.

Se algún alumno conservara o uniforme de anteriores cursos poderá traelo alternando co novo equipamento.

O alumno virá provisto **dunha percha e dunha bolsa gardaroupa** para a recollida da súa roupa procedente do exterior,que permanecerá gardada nel dentro da aula no lugar que indique o profesorado.

Calzado: Específico para cada módulo(zocas, chancas de balneación,...) indicárase por cada profesor .

Realízase a desinfección do calzado do exterior, a entrada das aulas antes do inicio das clases do módulo e sempre que sexa necesario.Se se cambia o calzado, o do exterior gardárase nunha bolsa de papel ou de tea que será propiedade do alumno e que permanecerá depositada na aula, xunto coa roupa do exterior que estea no portatraxes, no lugar que indique o profesor.

No caso de usar calzado específico dentro da aula este estará sempre limpo e seco.

No poderase salir co calzado específico da aula a fora nunca.

Mascarillas e pantallas: Para o desenvolvemento das clases nos módulos nas aulas -taller e nas prácticas de laboratorio , ademais das mascarillas normativizadas, o alumno usará a pantalla sempre que o traballo práctico o requira.

Outro equipamento persoal

Peiteados:

- **Duas toallas de algodón** , que deberán estar limpas e sempre dispoñibles para traballar en modelo inanimado e para seu uso persoal.Cando o traballo o requira usaranse toallas desbotables.
- **Luvax desechables** Indicarase polo profesor o material según o módulo e a tarefa.
- **Capas desechables** para cada traballo na aula.
- Outro equipamento específico según o módulo.

Estética

- **Toallas de algodón** que deberán estar limpas e sempre dispoñibles para traballar en modelo e para seu uso persoal Cando o traballo o requira usaranse toallas desbotables.
- **Fundas de camilla de algodón** para cada traballo na aula.
- **Luvax desbotables** Indicarase polo profesor o material según o módulo e a tarefa..
- **Gorros desbotables** para cada traballo na aula.
- Outro equipamento específico según o módulo.

Os útiles de equipamento persoal específico de cada un dos módulos profesionais (útiles de perruqueria, manicura, maquillaxe,..) será indicado polo profesor do módulo no seu momento.

- .Corresponde e será responsabilidade do alumno: a limpeza e a esterilización se procede , do seu material e equipamento.
- A limpeza, a orde , o depósito e a custodia do material persoal do alumno(vestimenta, material de protección ,materiales e útiles de equipamento,...)na sua correspondente taquilla, no vestiario, no aseo ou na aula é responsabilidade do alumno.

Normas xerais de funcionamento

Os traballos prácticos que realice o alumnado na aula, con material propio ou co do equipamento da aula, serán sempre supervisados polo profesor do módulo.No caso necesario o alumno prestarase como modelo da execución dos traballos, según o determine o profesor.

A limpeza, a orde dos equipos e instalacións tamén forman parte da formación do alumnado, estas tarefas serán realizadas polo grupo de clase, baixo a supervisión do profesorado e seguindo as súas instrucións.

O material de equipamento da aula deberá ser custodiado e coidado polo grupo, baixo a supervisión do profesorado durante o desenrolo das actividades docentes.

Quedan prohibidas ás saídas e entradas nas aulas ,sin permiso do profesor e os telefonos móbiles non poderán permanecer acesos .

No caso de que nos traballos prácticos a realizar na aula , sexa necesario un modelo real e o modelo sexa unha persoa allea o grupo, sempre que a pandemia o permita; estas deberán cumprir as mesmas normas hixienico sanitarias que o grupo .

Como medida de protección para o grupo o clase, non se realizarán traballos sobre persoas alleas que non posúan o seu certificado de vacinación anticovid, polo que se cumprirá un documento de declaración responsable.

Nos traballos que sexan obxecto de probas avaliábeis e sexa necesario realizalas en modelos reais, os alumnos aportarán os seus modelos axeitados. Non se admitirán compañeiros de aula nin familiares excepto que o profesorado determine o contrario.

No caso de incumplimento das normas o alumno será sancionado de forma individual o en grupo, según o caso e de acordo coas Normas de Organización e Convivencia do IES.